

# LUGOCULTURAL

★ XI FINDECURTA

abril ★ 2026



**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



DEPUTACIÓN  
DE LUGO  Cultura  
VICEPRESIDENCIA

**Pri  
mave  
ra** CULTURAL  
2026



# XI Findecurta

**INSCRICIÓNS** do 6 ao 21 de abril

**SESIÓN INFORMATIVA** na Casa do Saber o 24 de abril ás 20:30 h.

**TEMPO OFICIAL DE REALIZACIÓN** da curta do día 24 de abril ás 20:30 h ao 28 de abril ás 10:30 h.

**ENTREGA** da documentación e da curtametraxe ata o 28 de abril ás 10:30 h.

**PROXECCIÓN** e entrega de premios o 22 de maio ás 20.30 h.

## Sesión informativa

Explicación do **RETO** do XI Findecurta na Casa do Saber. O **RETO** consiste en certas condicións que a curtametraxe deberá ter ou que deberán aparecer nela, e que se darán a coñecer durante esta reunión. Todos os anos este RETO cambia. Cada grupo participante estará representado por unha persoa debidamente acreditada.

## Entrega de documentos e da curtametraxe modalidade virtual

Enviarase o arquivo de vídeo a través de Wetransfer (<https://wetransfer.com>), Ydray (<https://ydray.com>) ou SendGB (<https://www.sendgb.com>), enviando o arquivo de vídeo ao enderezo de correo **cultura.lugo@usc.gal**. A organización non se responsabiliza de que o arquivo poida estar corrupto ou do tempo de subida do arquivo á nube.

## Documentos que cómpre entregar

- DECLARACIÓN RESPONSABLE
- CESIÓN DE DEREITOS A CURTAMETRAXE
- COMPLETAR O FORMS COS DATOS DE POSTPRODUCCIÓN

## Formato da curtametraxe

Entregarase nun ficheiro dixital en formato .mov ou .mp4 en 1080p codificado en H.264 a 24 ou 25 fps co son codificado en AAC e un peso total que non supere os 2 GB.

O nome do ficheiro será o nome do grupo, o cal se escribirá en maiúsculas sen espazo nin acentos seguido de guión baixo, e posteriormente o título da curtametraxe tamén sen espazos nin acentos. O exemplo a seguir sería:

NOMEDOGRUPO\_  
TITULOCURTAMETRAXE

# Bases

- A totalidade da curtametraxe debe realizarse durante o **TEMPO OFICIAL**. Calquera traballo creativo previo está prohibido. O traballo creativo inclúe: escribir o guión, ensaios, vestuario/ deseño de escenario, rodaxe, edición, deseño de son, renderización, dar saída á cinta ou outros medios. Ningún material de arquivo ou filmación previa poden ser utilizados.
- O único traballo permitido antes do **TEMPO OFICIAL** é a organización do equipo, organización do reparto, seguro do equipo, seguro de locacións.
- Permítese calquera tipo de técnica, como animación, fotografías, efectos especiais, etc., pero estas deberán ser creadas durante o **TEMPO OFICIAL**.

## Duración

A curtametraxe terminada (curtametraxe e cortina), debe ter un máximo de 7 minutos de duración.

## Idioma

O idioma da curtametraxe deberá ser o galego.

## Música

Anímase aos equipos participantes a traballar cun compositor / ou músicos para escribir e gravar a música para as súas curtametraxes. Está permitido que os equipos participantes utilicen música pregravada; no entanto, o equipo debe ter os dereitos sobre calquera tipo de música utilizada e **debe proporcionar os documentos de cesión desta se lle son solicitados**.

Ao igual que coa música, os efectos de son pregravados serán permitidos, sempre e cando se conte cos dereitos respectivos.

As parodias de cancións (é dicir, o uso de composicións preexistentes identificables coa letra ou a música, novas ou alteradas) non poden incluírse nas curtametraxes sen a autorización asinada do titular dos dereitos da composición.

Pode utilizarse música ou materiais que estean baixo a licenza Recoñecemento (Attribution License)

## Consideracións xerais

- Os horarios son estritos. As persoas participantes deben estar presentes nos horarios establecidos.
- Todos os custos asociados á produción de cada curtametraxe son responsabilidade exclusivamente de cada grupo.

# Bases

## Consideracións xerais

- Para que as curtametraxes poidan ser admitidas, deben ser un traballo orixinal do grupo participante; non deben infrinxir os dereitos de terceiros; deben ser adecuadas para a súa publicación, non poden conter declaracións difamatorias sobre ningunha persoa, organización ou entidade; non poden invadir a privacidade ou outros dereitos de ningunha persoa, empresa ou entidade; non poden de ningunha maneira violar as leis e regulamentos aplicables; e non poden conter elementos de copyright.
- A organización resérvase o dereito de tomar a decisión final en canto a que curtametraxes son elixibles, e tamén o de rexeitar a proxección dunha película ou facer un anuncio na proxección sobre o contido desta.
- As condicións de proxección varían de sala en sala e están máis alá do control da organización.

## Xurado

O xurado está formado por personalidades de recoñecido prestixio que, atendendo a criterios de creatividade, calidade técnica e cumprimento dos criterios, seleccionará a obra premiada.

## Proxección e decisión do xurado

- No caso de que un grupo sexa premiado, a **PERSOA REPRESENTANTE** do grupo está obrigado a aceptar o premio en nome do grupo. A organización non é responsable de calquera disputa entre colaboradores que xurda ou relacionados co proxecto.
- O día 22 maio ás 20.30 h realizarase unha proxección (a non ser que a organización por asuntos alleos teña que modificar a data, cousa que non altera as bases). Proxectaranse todas as curtas, a non ser que por cuestións de organización se decida proxectar aquelas máis representativas.
- Ao remate da proxección, o público presente poderá votar a mellor curtametraxe.
- Logo de finalizado o relato de votos anunciarase a decisión do xurado e a do público.
- En caso de empate no premio do público, se unha das curtas foi merecedora do premio do xurado, o premio do público recaerá na outra curta finalista.
- En caso de empate no premio do público e non darse a circunstancia do punto anterior compartirían o premio as dúas curtas, e sería o equipo da Semana de Cine de autor o que elixira a curta que participa na mesma.

# Bases

## Premios

Outorgaranse dous premios:

- Un primeiro premio de 450 €, que supón ademais a participación da curtametraxe na Semana de Cine de Lugo onde competirá polo Premio do Público á Mellor Curtametraxe Galega.
- Un segundo premio (Premio do Público), que supón a participación da curtametraxe na Semana de Cine de Lugo onde competirá polo Premio do Público á Mellor Curtametraxe Galega.

## Requisitos para os equipos premiados

Os arquivos entregados para o festival son os mesmos que se entregarán para a Semana de Cine de Lugo polo cal a organización declina toda responsabilidade en canto a fallos de montaxe, de igualación (étalonnage), de son, erratas nos créditos, etc.

Tras a decisión do xurado, os premiados terán ata o 31 de maio para entregar:

- Ficha técnica e artística.
- Breve currículo do director/a.
- Permiso e autorización de exhibición dentro de calquera sección da Semana de Cine.
- Cartel de Curta.

En caso contrario a organización estimará que os premiados declinan a súa participación na Semana de Cine de Lugo.

A entrega deste material farase no correo [cultura.lugo@usc.gal](mailto:cultura.lugo@usc.gal)

## Cuestións legais

- Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nelas. Neste sentido, os grupos participantes garanten que as curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honor, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente. A organización do certame declina calquera responsabilidade legal sobre as películas presentadas a concurso e o seu contido.
- O autor ou autora da curtametraxe, polo simple feito de participar no Festival, cédelle á USC de forma gratuíta, con carácter de exclusiva, facultade de cesión a terceiros tamén en exclusiva, para todo o mundo e ata a publicación da decisión do xurado de Fin de Curta, os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución da curtametraxe ou fragmentos desta, co fin de que a curtametraxe poida ser divulgada e emitida a través de calquera medio e en calquera formato, incluíndo as webs das institucións de Lugo Cultural. O exercicio destes dereitos

# Bases

será, exclusivamente, con fins promocionais e divulgativos do Festival. **Ata a publicación da decisión do xurado, o autor ou autora non poderá exhibir nin comunicar publicamente a curtametraxe, en ningún formato nin a través de ningún medio.** Despois desta data, a cesión dos dereitos antes citados a favor da USC serao co carácter de non exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, para todo o mundo e por prazo indefinido, podendo emitir e distribuír a curtametraxe ou fragmentos dela, a través de calquera medio de comunicación e en calquera formato, con fins exclusivamente divulgativos do propio Festival e, en xeral, para a difusión e promoción das actividades culturais que realiza a USC.

- Calquera explotación ou uso comercial da curtametraxe requirirá o consentimento previo e expreso do autor/a, subscribíndose, de ser o caso, os correspondentes acordos.
- Os autores/as das curtametraxes autorizan ao Festival a utilizar, reproducir, divulgar, imprimir, publicar e difundir a través de calquera medio de comunicación, o nome do director ou directora, intérpretes e equipo técnico, os seus nomes artísticos, fotografías e imaxes representadas por calquera medio plástico, biografía, etc., co obxecto de que se poidan realizar, directa ou indirectamente, actos de

promoción e comunicación das obras audiovisuais.

- Os equipos participantes non deberán distribuír o seu vídeo de ningunha maneira antes da estrea oficial. Isto inclúe a posibilidade de subir o vídeo a calquera sitio web ou proxectar a película para grupos de calquera índole que non sexan os do seu equipo. Os participantes poderán realizar un tráiler da súa curtametraxe con fins promocionais, o cal si poderá subirse á rede. No entanto, este tráiler non deberá exceder de 40 segundos.
- Dado o compromiso social, a organización resérvase a potestade de non admitir a concurso aquelas curtametraxes que non cumpran os parámetros mencionados anteriormente.
- **Para calquera presentación posterior (en liña, a festivais ou outras convocatorias) as curtas deberán manter a cortina de inicio.**

## Aceptación das bases

A participación no Certame supón o cumprimento e aceptación íntegra das presentes bases.

**LUGOCULTURAL**



[www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)

📷 📘 [lugocultural](#)  
#LugoCultural2026

[www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura](http://www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura)

📷 📘 [cultura\\_usc](#)  
#PrimaveraCultural